

ACTA DA DECIMOSÉPTIMA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA XUNTA DE GALICIA:

Tomás Fernández-Couto Juanas - director xeral de Defensa do Monte

Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta - subdirector xeral de Prevención

M^ª Soledad Castro Díaz – vicesecretaría xeral da Consellería do Medio Rural

POLA FEGAMP:

Alfonso Villares Bermúdez - vicepresidente primeiro da Fegamp

Lucía González Louro – técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POR SEAGA:

Pablo Arbones Maciñeira - director xerente de Seaga

Antón Barral Álvarez - licenciado en Dereito Seaga

Sendo as 12.00 horas do día 19 de novembro de 2020 reúnese por vía telemática a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 2 de novembro de 2020
2. Presentación e aprobación das solicitudes de iniciativas de mobilización de terras (aldeas modelo) seguintes:
 - Moreda (Folgo do Courel)
 - Xacebáns (Quintela de Leirado)
 - Trelle (Toén)
 - Meixide (A Veiga)
 - Parada dos Montes (Pobra de Brollón)
 - Reboredo (Pereiro de Aguiar)
3. Presentación e aprobación das solicitudes formuladas ou ampliadas ata a data polos concellos adheridos para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano:

Novas solicitudes:

- Gondomar
- Dodro
- Xermade



- Vilamartín de Valdeorras
- Carballo
- Esgos

Ampliacións:

- Ames
 - Monterroso
 - Riós
4. Presentación ante a Comisión de seguimento, para a súa valoración e aprobación ,da relación de actuacións previstas con cargo a contía reservada para actuacións derivadas das exixencias establecidas no Plan de prevención de incendios forestais en vigor (PLADIGA), execucións subsidiarias en faixas primarias, cumprimento de normativa de distancias ou reacción fronte a plantacións ilegais, así como para a implementación do resto do planeamento distinto dos plans municipais, derivadas das consultas realizadas aos concellos sobre as actuacións máis urxentes para o ano 2020 nos ámbitos expostos no punto 4 da súa Cláusula quinta modificada pola Cláusula da 4ª addenda ao convenio.

As solicitudes presentadas polos concellos foron as seguintes:

- Baños de Molgas
- Bergondo secundarias
- Caldas de Reis
- Camariñas
- Campo Lameiro
- Castro Caldelas
- Cerdedo-Cotobade
- Curtis
- Esgos
- A Guarda
- Lourenzá
- Moeche
- Mondariz
- Navia de Suarna
- Padrón
- Quintela de Leirado



- o Quiroga
 - o Rianxo
 - o Sarria
 - o Teo
 - o Toén
 - o Toques
 - o Vimianzo
5. Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 2 DE NOVEMBRO DE 2020

Unha vez revisada a acta pola Fegamp e pola Secretaría Xeral Técnica, e realizadas as modificacións oportunas, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, polo presidente e , por indicación da representación da Fegamp na Comisión, polo secretario xeral da Fegamp, que foi quen asistiu á devandita xuntanza en representación da Fegamp, xunto co seu vicepresidente primeiro, e o seu posterior envío aos restantes membros da comisión.

2. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DAS SOLICITUDES DE INICIATIVAS DE MOBILIZACIÓN DE TERRAS (ALDEAS MODELO) SEGUINTE:

- Moreda (Folgo do Courel)
- Xacebáns (Quintela de Leirado)
- Trelle (Toén)
- Meixide (A Veiga)
- Parada dos Montes (Pobra de Brollón)
- Reboredo (Pereiro de Aguiar)

Unha vez presentada a documentación correspondente as iniciativas de mobilización e tras ser analizadas pola comisión, quedan aprobadas por os presentes as iniciativas de Moreda, Xacebáns, Trelle, Meixide, Parada dos Montes e Reboredo.

3. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DAS SOLICITUDES FORMULADAS OU AMPLIADAS ATA A DATA POLOS CONCELLOS ADHERIDOS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS



ACTUACIÓN DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANO:

Novas solicitudes:

- Gondomar
- Dodro
- Xermade
- Vilamartín de Valdeorras
- Carballo
- Esgos

Ampliacións:

- Ames
- Monterroso
- Riós

En relación con estas 6 novas solicitudes acórdase, tras valorar a situación das mesmas, a aprobación das solicitudes dos Concellos que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018, da Consellería de Medio Rural así como a ampliación das solicitudes dos concellos de Ames, Monterroso e Riós.

Na próxima comisión de seguimento presentarase un balance das solicitudes formuladas ata o momento polos concellos adheridos para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolución de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.

- 4. PRESENTACIÓN ANTE A COMISIÓN DE SEGUIMENTO, PARA A SÚA VALORACIÓN E APROBACIÓN, DA RELACIÓN DE ACTUACIÓN PREVISTAS CON CARGO A CONTÍA RESERVADA PARA ACTUACIÓN DERIVADAS DAS EXIXENCIAS ESTABLECIDAS NO PLAN DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN VIGOR (PLADIGA), EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS EN FAIXAS PRIMARIAS, CUMPRIMENTO DE NORMATIVA DE DISTANCIAS OU REACCIÓN FRONTE A PLANTACIÓN ILEGAIS, ASÍ COMO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO RESTO DO PLANEAMENTO DISTINTO DOS PLANS MUNICIPAIS, DERIVADAS DAS CONSULTAS REALIZADAS AOS CONCELLOS SOBRE AS ACTUACIÓN MÁIS URXENTES PARA O ANO 2020 NOS ÁMBITOS EXPOSTOS NO PUNTO 4 DA SÚA CLÁUSULA QUINTA MODIFICADA POLA CLÁUSULA DA 4ª ADDENDA AO CONVENIO.**

As solicitudes presentadas polos concellos foron as seguintes:

- Baños de Molgas
- Bergondo secundarias
- Caldas de Reis



- o Camariñas
- o Campo Lameiro
- o Castro Caldelas
- o Cerdedo-Cotobade
- o Curtis
- o Esgos
- o A Guarda
- o Lourenzá
- o Moeche
- o Mondariz
- o Navia de Suarna
- o Padrón
- o Quintela de Leirado
- o Quiroga
- o Rianxo
- o Sarria
- o Teo
- o Toén
- o Toques
- o Vimianzo

Dentro destas 23 solicitudes hai actuacións nas que vai ser preciso unha labor previa de análise.

Coméntase a necesidade de establecer uns criterios de aplicación que poidan utilizarse para delimitar que actuacións encaixan no establecido pola 4ª addenda e cales terían que quedar fóra.

Establécense os seguintes criterios a título orientativo:

1º Cando a petición afecta a vías de titularidade municipal esta petición tramitarase segundo o previsto na 3ª addenda ata 10 quilómetros e o que exceda de 10 quilómetros incluírase nas actuacións previstas na 4ª addenda.

2º Cando se soliciten actuacións en faixas secundarias as solicitudes tramitaranse igualmente segundo o disposto na 3ª addenda ata 10 ha por concello e anualidade. O que exceda de 10 ha rá tramitarase segundo o dispsto na 4ª addenda.



3º As solicitudes de actuacións en vías férreas ou infraestruturas similares non tería encaixe a través do Convenio, dado que a competencia nestes caso sería da concesionaria que corresponda.

4º Nos casos de solicitudes de actuacións nas vías de titularidade autonómica será preciso levar a cabo actuacións previas de análise da propiedade. Podería instarse á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) a que actúe no dominio público e asumir dende o convenio os traballos de análise da propiedade para futuros traballos de execucións subsidiarias nos tramos afectados polas solicitudes.

5º Onde exista xustificación para arranxo de pistas ou para a creación de puntos de auga, depósitos ou similar, para a prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre e cando exista dispoñibilidade do terreo poderían aprobarse as actuacións.

Tras estudar as propostas presentadas apróbanse inicialmente as de Curtis, Castro Caldelas, Toén, Campo Lameiro e Teo cunha asignación provisional dunha partida de 25.000 € por actuación para iniciar as mesmas, á espera da asignación definitiva unha vez elaborados e aprobados os presupostos previstos para ditas actuacións.

Na próxima comisión de seguimento presentarase un balance máis pormenorizado das solicitudes formuladas ata o momento polos concellos adheridos para a realización destas actuacións e dos costes previstos para cada unha delas.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Infórmase á comisión dos seguintes asuntos:

- a) Vías de titularidade municipal: O procedemento acordado en anteriores reunións da comisión establecía como pasos a seguir os seguintes:
 - a. Comunicación aos alcaldes do inicio dos traballos
 - b. Actuacións na zona de dominio público
 - c. Colocación de carteis no inicio e final de cada tramo informando da actuación ao abeiro do sistema público de xestión de biomasa e informando do obxecto da actuación “adequación de distancias ás distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Con formato: Izquierda

Con esta iniciativa preténdese visibilizar as actuacións levadas a cabo no marco do convenio, preavisar aos responsables da posible actuación subsidiaria a executar e ademais producir un efecto multiplicador a outras zonas do territorio.



Tanto o borrador do texto da comunicación como o modelo de cartel foron enviados a Secretaría Xeral Técnica para a súa aprobación.

- b) Iniciativas estratéxicas: Estudiaranse na próxima reunión da comisión
- c) Boletín do convenio: Coméntase a posibilidades de realizar unha revista ou boletín periódico para remisión aos Concellos para unha visualización de como vai avanzando o Convenio.
- d) Coméntase a posibilidade de colocar carteis similares aos das vías de titularidade municipal nas parroquias priorizadas lembrando a obriga de xestión da biomasa e a posibilidade de acollerse ao sistema público de xestión de biomasa mediante a firma dun contrato con Seaga.
- e) Notificacións: Tras os acordos co INE subíronse á plataforma en Xesbio2 os datos obtidos dos padróns municipais de toda España. Deste xeito poden enviarse as notificacións coas direccións actuais que constan no Padrón do INE.
- f) Xornada sobre aldeas modelo: Proponse a idea de realizar algún tipo de xornada sobre as aldeas modelo para que os concellos interesados en solicitar este tipo de actuación poidan coñecer as actuacións realizadas noutros concellos. A idea sería realizar esta xornada no primeiro trimestre do ano 2021 nalgunha das aldeas modelo das anualidades anteriores ou ben, de non ser posible, realizar un vídeo promocional ou unhas xornadas a distancia.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 14:00 horas da data sinalada no encabezamento

